

UNIDADE 7. No camiño a unha sociedade igualitaria: a longa marcha

Lecturas

Lectura 1: Feminismos, de Olga Novo e María Reimóndez

En *Feminismos*, editado por Xerais no 2014, Olga Novo e María Reimóndez un repaso da situación actual do feminismo no planeta. Este fragmento vai no comezo do libro:

“Se lle preguntásemos a calquera moza que vai hoxe á universidade en Galiza, ou a unha muller que traballa como condutora de autobús, ou á que preside unha empresa, ou á que vai votar, ou a un home que colle o permiso de paternidade se se consideran feministas, probabelmente a maioría diría que non. Porén, todas estas posibilidades e accións que hoxe forman parte da nosa normalidade non existirían sen o traballo complexo e custoso dos feminismos. Os feminismos, e veremos deseguido por que falamos en plural, son o movemento social que sen dúbida máis cambiou as estruturas sociais para a mellora da vida das persoas e tamén o que produciu unha teoría e práctica máis plural e transformadora. (...) Como declarou Gertrude Mongella, secretaria xeral da IV Conferencia Mundial das Mulleres de Beijing en 1995: «a revolución comezou e non hai volta atrás».”

1. Se liches o Manual da Unidade, saberás ben porque se fala de feminismos, en plural. Ou non?
2. Por que se afirma no texto que a maioría das persoas correntes ás que preguntásemos «se se consideran feministas, probabelmente a maioría diría que non»?
3. A que se refiren as autoras cando afirman «todas estas posibilidades e accións que hoxe forman parte da nosa normalidade non existirían sen o traballo (...) dos feminismos»?
4. Que é unha Conferencia Mundial das Mulleres? Que supuxo a Conferencia Mundial de Beijing para a igualdade?
5. Como interpretas as palabras de Gertrude Mongella que pechan o texto?

Lectura 2: O Verdegaió Lilá

Nas mobilizacións feministas do 8 de marzo de 2018 popularizouse o [Verdegaió Lilá](#), unha adaptación feminista do [Verde gaió](#), unha canción tradicional de Galiza e o norte de Portugal:

Canta que cadramos *ben-e*, canta que cadramos *ben-e*.
Moitas almas se condenan, porque nos levamos *ben-e*
Porque nos levamos *ben-e*, temos o mundo contrario
Habémonos de *levar-e*, anque pasemos traballo.

As regras do patriarcado,
son ruíns e retorcidas.
Non me mandes que non calo,
Aquí comeza a cantiga.

Contra o patriarcado temos que loitar,
xuntas as mulleres imos arrasar.
Este 8 de marzo non vaias currar,
coa greve feminista o mundo vai parar.

Vai ti, vou eu, vai ela,
pra racha-lo sistema.
Vai ti, vou eu, vai ela,
polas que xa non berran.

As penurias que pasaron
as nosas antepasadas.
Non as imos *aguantar-e*,
esta loita está gañada.

Fóra o patriarcado da nosa nación,
se loitamos xuntas na erradicación.
Este 8 de marzo non vaias currar,
secunda esta folga, faite respectar.

O meu corpo só é *meu-e*,
cando digo non é *non-e*.
Non quero oír máis piropos,
nin máis *cousificación-e*.

Se a publicidade faiche dubidar,
se ti tes un corpo de muller real.
Se queres ser ceibe, fuxir da opresión,

tira pola fiestra o teu televisor.

Na vida hai que *aguantar-e*,
aguanta ti se che peta.
O amor que eu quero non mata,
o amor que eu quero respecta.

Se ao chegar a casa preparo o xantar,
se saio do curro para traballar.
Se coido da avoa, se vou á reunión,
non me vendas fume coa conciliación.

Se ata cando son violada,
cuestiónase a miña culpa.
Se me resisto busqueino,
se me deixo son a puta.

Se che importaran as mortas,
se che importan as violadas,
Se o chamaras terrorismo,
outro gaio nos cantaba.

Este sistema que oprime,
non nos deixa *progresar-e*.
Exiximos igualdade,
e podernos *liberar-e*.

Traballar eu *traballei-e*,
non houbo *cotización-e*.
Sen dereitos nin contratos,
non cobro a *xubilación-e*.

É do meu gosto...
é da miña condición,
o exterminio do machismo...
esa é a nosa rebelión.

1. As catro primeiras estrofas da canción son a adaptación dunha cantiga popular galega. Que tema do feminismo recolle?
2. A canción asume reivindicacións en moi distintos ámbitos. Saberías explicar que di sobre:
 - a) O patriarcado?
 - b) Os canons estéticos?

- c) Os afectos e a sexualidade?
 - d) A conciliación familiar?
 - e) O mundo laboral?
 - f) A violencia de xénero?
3. Como se plasmaron todas estas reivindicacións no cartel da convocatoria da folga do ano 2019? Que manifestan sobre o feminismo todas estas reivindicacións?



Cartel da folga feminista do 8M. Fonte: Galegas8M

Lectura 3: Discurso de Clara Campoamor en defensa do sufraxio feminino

O 1 de outubro de 1931 o parlamento español votou a prol de conceder ás mulleres o dereito ao voto, por 161 votos a favor contra 121 en contra.

Naquel parlamento había só tres deputadas. As deputadas [Margarita Nelken](#) e Victoria Kent votaron en contra. Argumentaban que as mulleres votarían á dereita influídas polos seus maridos e a Igrexa. Clara Campoamor defendeu o sufraxio feminino. Eis un extracto do [seu discurso](#):

“Respecto da serie de afirmacións que se fixeron esta tarde contra o voto da muller, direi que non están apoiadas na realidade. Tomemos ao azar algunhas delas. Que cando as mulleres se levantaron para protestar da guerra de Marrocos? Primeiro: e por que non os homes? Segundo: quen protestou e levantouse en Zaragoza cando a guerra de Cuba máis que as mulleres? (...)

É que non loitaron as mulleres pola República? É que ao falar con eloxio das mulleres obreiras e das mulleres universitarias non se está a cantar a súa capacidade? (...) Non sofren estas as consecuencias da lexislación? Non pagan impostos para soste o Estado na mesma forma (...) que os homes? Non cae sobre elas toda a consecuencia da lexislación que se elabora aquí para os dous sexos, pero soamente dirixida e matizada por un? Como pode dicirse que a muller non loitou e que necesita unha época, longos anos de República, para demostrar a súa capacidade? E por que non os homes? (...)

Tedes dereito pechar as portas á muller en materia electoral? Non; tedes o dereito que vos deu a lei, a lei que fixestes vós, pero non tedes o dereito natural fundamental, que se basea no respecto a todo ser humano (...) De que acusades á muller? De ignorancia? Pois eu non podo deixar de referirme a un estudo sobre o analfabetismo en España.

De 1860 a 1910 obsérvase que mentres o número total de analfabetos homes, lonxe de diminuír, aumentou en 73.082, o da muller analfabeta diminuíu en 48.098. Referíndose á proporcionalidade do analfabetismo na poboación global, a diminución nos homes é só de 12,7%, en tanto que nas femias é do 20,2%. Isto quere dicir que a diminución do analfabetismo é máis rápida nas mulleres que nos homes e que de continuar ese proceso de diminución nos dous sexos, non só chegarán a alcanzar as mulleres o grao de cultura elemental dos homes, senón que o excederán. Iso en 1910. E desde 1910 seguiu a curva ascendente, e a muller, hoxe día, é menos analfabeta que o home. Non é, pois, desde o punto de vista da ignorancia desde o que se pode negar á muller a entrada na obtención deste dereito.

(...) Cada un fala en virtude dunha experiencia e eu fálovos en nome da miña propia. Eu son deputado pola provincia de Madrid; percorrina, non só en cumprimento do meu deber, senón por agarimo. Vin que aos actos públicos acudía unha concorrencia feminina moi superior á masculina, e vin nos ollos desas mulleres a esperanza de redención, vin o desexo de axudar á República, vin a paixón e a emoción que pon nos seus ideais. A muller española espera hoxe da República a redención súa e a redención do fillo. Non cometades un erro histórico que non teredes nunca bastante tempo para chorar; que non teredes nunca bastante tempo para chorar ao deixar á marxe da República á muller, que representa unha forza nova (...).”

1. Do discurso pódense deducir os argumentos que empregaban as/os deputadas/os que se opuñan ao sufraxio feminino? Cales eran?
2. Con que razóns combate Campoamor eses argumentos? En que se basea para defender o voto das mulleres?
3. Que quere dicir Campoamor cando afirma: «Tedes o dereito que vos deu a lei, a lei que fixestes vós.»?
4. Como interpretas a derradeira idea do fragmento: «a muller, que representa unha forza nova»?